

GÚSTACHE CANTAR?



Entón únete á Coral de Meira! Ensaíamos os sábados ás sete na casa da cultura de Meira. Non fai falla ter ningún coñecemento musical nin ter tampouco unha boa voz: chega con ter ilusión e ganas de cantar e pasalo ben. Podes vir probar cando queiras ou vir escoitarnos nalgún ensaio.

Agardámoste!



ORGANIZA:

**A.C. CORAL POLIFÓNICA
AIRIÑOS DO MIÑO DE MEIRA**

COLABORA:

CONCELLO DE MEIRA

A.C. AVELINO DÍAZ



**I CONCERTO
DE VERÁN DA
CORAL
POLIFÓNICA
DE MEIRA**



**SÁBADO 19 DE SETEMBRO
AS 18:30
NA IGREXA DE MEIRA**

ALGO SOBRE NÓS...

Os inicios da Coral Polifónica Airiños do Miño de Meira situámoslos no nadal de 1997, cando un grupo de amigos se xunta para interpretar unhas panxoliñas ao remate da misa.

Fórmase deste xeito o coro parroquial da Igrexa de Meira. A partir deste coro, nace a coral polifónica, con Pablo Rico como director, sendo o primeiro concerto oficial como coral no nadal de 2018. Entre as nosas actuacións podemos destacar o concerto de nadal coa Coral de A Pastoriza, o concerto das letras galegas coa banda municipal, o festival de corais de Riotorto, así como a interpretación de dúas obras co recoñecido músico Carlos Núñez no verán de 2019. Na actualidade a coral está formada por 24 voces e apostamos pola música galega e a posta en valor de obras da tradición a través da polifonía.



PROGRAMA:

- **COMPAÑEIRA (FUXAN OS VENTOS)**
- **MIÑA RULIÑA (HABANERA)**
- **FISTERRA (POPULAR GALEGA)**
- **EU QUIXERA SER AIRE (HABANERA)**
- **RÍO MIÑO (POEMA DE AVELINO DÍAZ/HABANERA)**
- **VENTO DO NORTE (IRMÁNS AGÜERO)**
- **CUÉNTAME (FÓRMULA V)**

DIRIXE: PABLO RICO ECHEGARAY



QUEN É AVELINO DÍAZ?

Avelino Díaz (Órrea, 1897-Bos Aires, 1971) foi un escritor polifacético aínda que, sobre todo, poeta. Da súa extensa obra só foi publicada unha mínima parte en catro libros de poemas: Debezos (o primeiro libro de poemas en galego importante da posguerra), Pallaregas, Flor de retama e 11 poemas a Castelao. Avelino desenvolveu a súa obra integramente en América e trátase dun autor solidamente formado e dun grande activista cultural. Na súa obra en galego –a maior parte– descubrimos un home profundamente galeguista e republicano que cultivou todos os tipos de poesía.

... E RÍO MIÑO?

“Río Miño” está incluído no poemario Debezos. Servíndose dunha estrutura popular, Avelino reivindica o Pedregal de Irima como lugar de nacemento do Miño e o carácter “meirego” deste. Con todo, o poema é sobre todo unha homenaxe ao río como Pai da Terra, sendo evidentes tamén as referencias aos sentimentos do emigrante.